




SERRA DO LABOREIRO

Adela Leiro, Mon Daporta





A Serra do Laboreiro forma un arco con orientación NO-S ao longo da fronteira (coñecida como Raia Seca) entre Galiza e Portugal; desde o val do río Barxas ou Troncoso (onde cae cara ao Miño), ata o Castro Laboreiro (Limia). Ocupa terreos nos concellos de Padrenda, Quintela de Leirado, Vereia, Bande, Lobeira, Lobios e Entrimo (Ourense); Melgaço (Portugal).

É unha serra de morfoloxía suave, formada por granitos de dúas micas na zona central, granodioritas no occidental e xistos no oriental. Nos cumes do Laboreiro fórmase unha ampla penchaíra duns 1.200 m de altitude media, situada no concello de Castro Laboreiro. Os monte máis altos son o Gestosa (1.344 m), en Portugal e o Codesal -marco 34- (1.334 m), na fronteira.


Na serra do Laboreiro nacen tributarios do Miño (Deva e Troncoso); e do Limia (Cadós, Grou e Casal na vertente galega e Castro Laboreiro na portuguesa).

O Laboreiro é unha serra con interese histórico, etnográfico, paisaxístico e biolóxico. Unha serra distinta, sen grandes cumes pero de fermosas panorámicas que abranguen, cara ao norte e o leste, o suroeste da provincia de Ourense e a serra do Xurés, e cara ao sur as terras de Castro Laboreiro, e as serras da Peneda e da Fonte Seca. Propoñemos unha visita para descubrir e gozar do amplo planalto que se agocha detrás das suaves lombas que o rodean, con case todas as alturas coroadas por mámoas (hai máis de cen recoñecidas e algunha excavada), no que viven en réxime de semiliberdade centos de vacas e ducias de cabalos. Unha visita que se pode facer en calquera época do ano pero que se volve impresionante a finais da primavera, e comezos do verán, durante a floración das matogueiras que fan que a paisaxe vaia mudando de cor ao longo dos días, pasando da púrpura dos breixos e das uces á amarela das carqueixas, as carpazas boieiras, os toxos... sen esquecer o verde fresco das inmensas praderías e outras cores e outras plantas menos abondosas pero de grande interese botánico, pola súa rareza ou exclusividade. Un espazo ao que non é difícil acceder e que se pode percorrer sen grandes esforzos e sen maiores complicacións porque os desniveis, arriba, son suaves, a vista abrángueo todo e as referencias están sempre presentes. Pódese ir duns cumes a outros pola liña da fronteira e recoñecelos pola numeración dos marcos fronteirizos, como o fan os veciños dos lugares próximos, ou a valmontes porque o mato ten moi pouca altura e hai carreiros do gando por todas partes.


O acceso pódese facer desde Padrenda por Lapela ou Gorgua; desde Quintela de Leirado por Mociños ou Xacebáns; desde Vereia por Outeiro de Augas; desde Lobeira pola Fraga; desde Lobios por San Bieito de Grou; desde Entrimo por Queguas; e desde Castro Laboreiro por Portelinha, Rodeiro, Cainheiras e a Seara.



Pena de Anamão (Castro Laboreiro)



Panorámica dos cumes: O Codesal, Gestosa, Pena de Anamão e Alto da Preguiça



Lagoa ao pé do Froufe



Planalto do Laboreiro



Panorâmica dos cumes do sur do Laboreiro



Vistas panorâmicas da vertente galega do Laboreiro





Armeria humilis



Arenaria e Lotus



Lagartíña dos penedos (*Podarcis hispanica*)



Silene acutifolia



Bolboreta
Callophrys rubi



Escaravellos bosteiros



Ornithogalum concinum




Vacas e cabalos criados en liberdade nos pasteiros do Labreiro

Subida por Xacebáns (Penagache)

Distancia: 17 km (ida e volta) máis o percorrido polos cumes

Dificultade: media



Na estrada de Padrenda a Bande pouco despois de cruzar o río Deva ao pé do encoro do Retortoiro atopamos á dereita da estrada o desvío a Xacebáns. Achegámonos á localidade e alí xa temos indicadores do camiño a “Penagache”. Xa sen perda e por esa pista temos que facer case 9 km e superar uns 600 m de desnivel para chegar á liña de cumes e liña da fronteira moi preto da Mota Grande, unha mámoa de grandes dimensións. Un par de quilómetros antes, e feito xa o máis duro da subida, pasamos á beira do penedo de Penagache desde o que se domina o val do Deva e panorámicas de todos os territorios de arredor.



Xacebáns e Penagache ao fondo



A Penagache



A Penagache desde os cumes do Laboreiro



Vista desde Penagache cara nordeste

Subida desde Fraga (cumes da serra)

Distancia: 20 km (ida e volta)

Dificuldade: media

Duración: 7 horas



Desde Lobeira, por Parada do Monte, chegamos á Fraga a localidade que se atopa máis preto dos cumes do Laboreiro e no remate da estrada sae á dereita unha pista de terra que, nuns 6 km, superando 250 m de desnivel, sube á liña da fronteira. Nese punto temos de fronte un marco da fronteira, o número 27, e camiñando cara á esquerda podemos chegar aos máis altos, o 31 (o Meda, 1.318 m), o 34 (o Codesal, 1.334 m), e entre un e outro, internándonos en Portugal, chegamos en 2 km ao cume da Xestosa (1.336 m) o máis alto da serra.




A Fraga (Lobeira)



Monte Meda (marco 31). Ao fondo Froude e Penagache.



O Codesal (Marco 34)




Planalto do Laboreiro, no centro o Xestosa. o cume máis alto da serra.

Subida por Rodeiro (das mámoas)

Distancia: 20 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 7 horas



Na saída de Castro Leboreiro cara a Lamas de Mouro atopamos, á dereita, unha estradiña con indicadores a varias localidades, a última delas a uns 3,5 km, e a máis próxima ao planalto, é Rodeiro. Nesta localidade un desvío á dereita sinalado con indicadores de roteiro lévanos a unha pista que en 6,5 km e superando 150 m de desnivel, pasa ao pé dos xacementos arqueolóxicos da Mansão do Guerreiro e lévanos ás mámoas do alto da Portela do Pau, ao pé da liña da fronteira.



Camíño de Rodeiro



Encoro para auga do gando, na Corga dos Piornais



Dolme na Portela do Pau. No interior conserváanse petróglifos.




Planalto do Laboreiro

De Portos á Gestosa

Distancia: 4/7 km (circular, a pé)

Dificultade: media

Duración: 3/4 horas



Ao pouco de saír de Castro Laboreiro cara á Ameijoeira collemos un desvío á esquerda que nos leva a Eiras, a Seara e Portos. Portos é unha branda formada por dous grupos de casas, a que se atopa máis preto do cume do Gestosa. Deixamos o vehículo na bifurcación da estrada entre os dous grupos de casas e camiñamos cara ao da dereita, cruzámolo, baixamos ata o regueiro, que cruzaremos por unha singular pontella, e sen deixar ese camiño imos camiñando deixando o monte á esquerda ata chegar a outro camiño no que colleremos cara á esquerda e un pouquiño máis adiante deixáremolo para cortar cara arriba, á dereita, por outro apenas evidente; nun cento de metros chegamos a outro camiño, o que acabamos de deixar que da una pequena volta, e camiñando cara á dereita atopamos unha zona húmida pola que cruza un pequeno regueiro, entre o monte, á esquerda, e un valado, á dereita, un anaco máis adiante onde o camiño comeza unha curva á dereita temos un carreiro, á esquerda, que sube próximo ao curso do regueiro que acabamos de cruzar, e xa nos leva a unha altura desde a que vemos a construción que coroa o Gestosa cara á que podemos seguir atravesando o mato. Se continuamos polo camiño, que da unhas voltas e baixa a unha zona chan onde remata, temos que ir logo á esquerda, pasar á beira dunha pequena turbeira na que medran brións e xuncas de algodón para chegar de novo a un camiño polo rodeamos unhas alturas do terreo e seguimos ata un altiño desde o que xa se ve o planalto, onde ten un desvío á esquerda polo que continuaremos ata cruzar un regueiro, pouco despois temos á esquerda un carreiro moi estragado, ou unha baixante de auga de escorrentía bastante descarnada, que chega ao alto do monte e subindo por ela arriba atopamos de fronte o sinal do vértice da Gestosa ao que se chega monte a través. Para baixar tiramos monte a través atravesando unha zona chan, cara a Portos, que non se ve desde o cume pero sí ao achegarnos á beira da zona cha e continuamos baixando o máis dereito posible levando á esquerda unha pequena valga da canle dun regueiro ata case chegar ao río, un pouco antes damos nun carreiro ou no camiño e seguíndoo cara á esquerda xa non temos perda. Cruzarémolo río por un pasal e máis adiante, xa na entrada do outro agrupamento de Portos, volvemos a cruzalo por unha pontella. Cruzamos o lugar, no que aínda se conservan, xa en moi mal estado, edificacións coa cuberta de palla e volvemos ao punto de partida para completar un percorrido de 4,5 ou case 7 quilómetros segundo subíramos polo camiño dereito ou derámolo rodeo, e empregaremos entre dúas e media e catro horas.



Cume do Gestosa, o marco asentase sobre unha mámoa



Vista cara ou suroeste




Vista cara á serra do Xurés



Armewria e breixo



Cumes da Gestosa



Xuncas de algodón nas brañas

Lgoa nas nacentes dun río




Cumes da Gestosa

Pena de Anamão e Penedo Grande

Distancia: 4/5 (circular)

Dificultade: alta

Duración: 3 horas



Desde Castro Laboreiro, por Cainheiras, achegámonos á capela da Senhora de Anamão, ou Numão como pon no indicador que atopamos á entrada de Cainheiras para indicarnos o desvío que temos que coller, por unha pista de terra, á dereita da estrada. No campo ao pé da capela deixamos o vehículo e un pouco a valmontes e por carreiros do gando vamos subindo cara a Pena de Anamão ata que chegamos a un, entre camiño e carreiro, no que aparecen pequenas mariolas e, fixándonos, cintas, xa moi estragadas, amarradas en xestas e carqueixas. Seguindo ese camiño cara á dereita, que logo desaparece, e fixándose para ir localizando as escasas mariolas, entramos en territorio español, para rodear unha zona elevada e achegarnos ao pé do Penedo Grande pola parte do leste, a de máis doado acceso. A partir de aquí só a intuición, a observación e a busca dos lugares máis axeitados van facer que poidamos coroar a masa rochosa, so hai un par de puntos nos que temos que ter algo de coidado. Outra cousa é baixar. as fortes pendentes poñen difícil baixar do penedo polo oeste, pero hai un punto, tendo de fronte a pena de Anamão, polo que é doado facelo sen problemas aínda que ten moita pendente. Unha vez abaixo podemos volver ao comezo da ruta por un ou outro lado da pena, por calquera dos dous teremos que facelo por carreiros do gando, non sempre visibeis, e baixantes da auga de forte pendente, se escollemos facelo pola cara do leste imos dereitos á capela (teremos percorrido uns catro quilómetros) e se escollemos baixar pola cara do oeste imos saír a un camiño que desde a localidade da Seara vai a xuntarse coa pista de acceso á capela, nel teremos que coller á esquerda e ao chegar á pista outravolta á esquerda e alongaremos a distancia un quilómetro máis.



Pena de Anamão



Penedo Grande



Cainheiras



Can da serra do Labreiro



Portos e Pena de Anamão



Confluencia de dous regos que baixan da serra (Portos)



Casa abandonada en Portos



Pontellas en Portos

